

Encontro e Asemblea Ordinaria da SGEA. Chantada, 23-25 de xaneiro de 2015.

Lugar: Casa rural “Casa do Neto” (Chantada).

Latitude 42°36'13" N Lonxitude 7°49'27" O www.casadoneto.com

PROGRAMA

Venres 23

- 21h aprox. Recepción e chegada d@s participantes que vaian dende o venres.
21h30 Cea comunitaria e convivio.

Sábado 24

- 9h30 Almorzo.
10h30 Visita a varios iniciativas de EA, a cargo de Anxo Moure:
Cinema Palleiriso
Casa Enchantada
...E máis (a ciclobiblioteca, o paztinete, a titiricleta...)
14h30 Xantar comunitario.
16h Asemblea SGEA
19h Charla de M^a Barba sobre o estudo do perfil do educador ambiental.
21h Cea comunitaria e convivio.

Domingo 25

- 9h30 Almorzo.
10h30 Percorrido ecoturístico pola zona, e plantación de árbores.
Despedida .

Aloxamento

Está reservada a casa rural para dúas noites (venres e sábado), formando parte dun conxunto de varias casas. Non debería haber pois problema pois de aforo (o conxunto ten un total de 51 prazos), pero é importante ter a previsión de asistencia para saber cantas casas alugar e axustar o gasto.

O prezo fixado por persoa e noite é de 15 € (a SGEA cubrirá o resto do custe, en concepto de aluguer de local para a Asemblea).

Así pois, é preciso que confirmedes asistencia mediante correo a secretaria@sgea.org antes das 12:00 do mércores 21, sinalando número de persoas e de noites (1 ou 2).

Recórdase que tamén poden participar no Encontro persoas non-membros da SGEA (sen dereito a voto na Asemblea, loxicamente), e que a casa rural dispón de cuartos dobres e camas supletorias.

Comidas

A organización proverá de algunhas empanadas para o xantar do sábado. Recoméndase traer comida xa feita ou de doada preparación (froita, queixos, etc). En todo caso, a casa rural dispón de cociña.

Candidaturas á Xunta Directiva

Enviar antes das 19:00 do xoves 22 a secretaria@sgea.org